UNIVERSIDADE DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Alonso Prieto, Elena Mercedes
Álvarez González, David
Álvarez González, Susana
Álvarez Veleiro, María del Carmen
Ameneiro Bravo, Rafael
Calviño Rodríguez, Xulio
Casal Guisande, Manuel
Comesaña Álvarez, Ana María
Comesaña Piñeiro, Rafael
Costa Montenegro, Enrique
Cruz González, María Montserrat
Cuevas Alonso, Miguel
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Fernández Fustes, María Dolores
Fernández Villarino, Mª de los Ángeles
Gallardo Medina, Mercedes
García Cutrín, Francisco Javier
García Mateo, María Carmen
Gómez Rodríguez, Alma María
González Álvarez, María Dolores
González Penín, Ana Isabel
Grande Seara, Pablo
Hernández Sánchez, Jesús
Hervés Estévez, Javier
Lago Davila, Pedro
Larriba Leira, Mª Elvira
López Ardao, José Carlos
Martínez Gómez, Sandra María
Martínez Piñeiro, Manuel
Martínez Rolán, Luís Xabier
Mociño González, María Isabel
Moreno Rodríguez, Andrea
Paredes Rosendo, Estefanía
Pazos Currás, Marta María
Pedrosa Silva, Ernesto
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Rodríguez, María Rosa
Pérez Rodríguez, Uxío
Pillado González, Esther María
Río Otero, Coral del
Rodríguez Rodríguez, Emma
Rodríguez Vázquez, Virxilio
Sampayo Piñón, Pedro
Santos Grandal, Juan
Sieiro Vázquez, María del Carmen
Vázquez Abad, Jesús

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Bajo Palacio, Ignacio
Fariña Rodríguez, José
Garza Gil, María Dolores
Longo González, Maria Asunción
Sánchez Moreiras, Adela Mª
Vázquez Otero, María Elsa
Vázquez Vicente, Xosé Henrique

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 28 de setembro de 2026, convocada para ás 9:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 h. do día 28 de setembro de 2026 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida pola reitora, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. A reitora, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta do Consello de Goberno extraordinario do 23 de xullo de 2026.**

A reitora confirma coa secretaria xeral que non se recibiron alegacións. Pregunta se hai algunha alegación neste momento. Non existen.
Apróbase por asentamento.

2. **Informe da reitora.**

A reitora toma a palabra para presentar o seu informe, no que aborda, entre outras cuestións, o estado da matrícula nos estudos de grao e de mestrado, as actividades de acollida e benvida ao estudantado, así como diversas actuacións e iniciativas desenvolvidas pola Universidade de Vigo.

A reitora informa sobre o estado da matrícula de novo ingreso nos estudos de grao para o curso académico 2026/2027.

Sinala que, no seu conxunto, a demanda de prazas volve superar a oferta, rexistrándose unha taxa global de ocupación do 103 %, con 3.883 matrículas fronte ás 3.754 prazas de novo ingreso ofertadas nos tres campus.

Explica que esta elevada ocupación evidencia o interese que seguen a espertar os estudos da Universidade de Vigo e que, en determinados títulos, se continúa a producir sobrematrícula. Neste contexto, destaca a conveniencia de seguir analizando as necesidades formativas da sociedade para adecuar progresivamente a oferta académica á demanda existente.

En relación coas xornadas de acollida, informa das actividades de benvida organizadas nos tres campus durante a primeira semana de setembro para facilitar a incorporación do novo estudantado e dar a coñecer os servizos e recursos universitarios.

A reitora informa igualmente sobre o estudantado internacional. Sinala que a Universidade de Vigo continúa a reforzar o seu carácter internacional, acadando neste curso un total de 362 estudantes de intercambio procedentes de 35 países. Destaca que 256 estudantes escolleron o campus de Vigo, 56 o campus de Pontevedra e 50 o campus de Ourense. Así mesmo, fai referencia ás actividades específicas de acollida desenvolvidas para favorecer a integración deste estudantado na comunidade universitaria.

A reitora informa tamén sobre o estado da matrícula nos estudos de mestrado. Indica que actualmente se atopan cubertas 1.542 das 1.759 prazas ofertadas, o que representa unha taxa de ocupación do 88%, salientando que o proceso de matrícula continúa aberto a través do período extraordinario previsto para o mes de outubro.

A continuación, a reitora informa sobre a execución da sentenza relativa aos atrasos derivados dos incrementos salariais do persoal contratado con cargo a proxectos, axudas e programas de investigación desde o ano 2022. Explica que a medida afecta a 953 profesionais e a un total de 1.288 contratos, dos cales xa se actualizaron arredor de 800. Engade que o custo estimado da medida ascende aproximadamente a 1,3 millóns de euros, importe non previsto inicialmente nos orzamentos do exercicio 2026.

Sinala que para afrontar os pagamentos previstos durante o exercicio 2026, estimados en aproximadamente 770.000 euros, recorrerase aos fondos de continxencia e aos fondos de produción científica e transferencia, adiándose ao inicio do exercicio 2027 o aboamento do 50 % da produción científica e do 100 % da produción de transferencia.

A reitora salienta, así mesmo, a importancia de regularizar adecuadamente a contratación deste persoal e de garantir a correcta aplicación do marco normativo correspondente.

A continuación, a reitora informa sobre o proceso de reacreditación do Campus Auga como campus de especialización para o período 2027-2030 e agradece o traballo desenvolvido polas persoas implicadas neste proceso. Refírese tamén á visita do panel de avaliación realizada os días 10 e 11 de setembro.

A reitora felicita a Carmen Hermo, nova decana da Facultade de Belas Artes, e a Fernando Martínez, novo decano da Facultade de Dirección e Xestión Pública, trasladando os seus parabéns aos equipos decanais recentemente elixidos e agradecendo o labor desenvolvido polos equipos saíntes.

A reitora informa igualmente sobre a renovación da cátedra institucional ALDABA WIB: Women, ICT & Business, impulsada polas universidades de Vigo e da Coruña xunto coa empresa Aldaba. Destaca como obxectivos da iniciativa contribuír á redución da fenda de xénero no ámbito tecnolóxico e das TIC, fomentar vocacións científico-tecnolóxicas entre as mozas e achegar talento feminino ao tecido empresarial.

Así mesmo, informa da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Universidade de Vigo para apoiar a creación e desenvolvemento das actividades da cátedra institucional Ponteactiva 2026-2029, salientando a relevancia desta iniciativa para fortalecer a colaboración da Universidade co seu contorno institucional e social.

Finalmente, a reitora informa sobre diversas actividades de divulgación e transferencia desenvolvidas nas últimas semanas, entre elas a celebración de G-Night 2026 e da Semana das Linguas, as Literaturas e a Tradución, destacando a importancia destas iniciativas para reforzar a presenza da Universidade de Vigo na sociedade e fomentar a participación cidadá na vida universitaria.

3. Aprobación, se procede, da modificación do Protocolo para o desenvolvemento do programa de Accións Estratéxicas para grupos de investigación da Universidade de Vigo, para a prórroga das AEIs no exercicio 2027.

A reitora da a palabra ao vicerreitor competente en materia de transferencia, innovación e impacto social, Rafael Comesaña Piñeiro, quen explica o contido do Programa de Accións Estratéxicas para grupos de investigación da Universidade de Vigo (AEI-UVigo), así como a modificación proposta.

Sinala que se trata dunha modificación puntual do Protocolo, destinada a posibilitar a prórroga das Accións Estratéxicas no exercicio 2027, mentres se traballa nunha revisión de maior alcance do programa. Explica, así mesmo, as modificacións introducidas no documento, que se identifican en cor vermella.

Sometida a proposta á consideración do Consello de Goberno, apróbase por asentimento.

4. Aprobación se procede do cambio de ponderación da materia Tecnoloxía e Enxeñaría II para entrar ao grao en Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo e ao PARS a partir do curso 2028/2029.

A vicerreitora competente en materia de estudantes e vida académica, María Dolores González Álvarez, informa sobre a proposta de modificación da ponderación da materia Tecnoloxía e Enxeñaría II para o acceso ao Grao en Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo e ao Programa Académico con Percorrido Sucesivo (PARS) a partir do curso 2028/2029.

A proposta consiste en modificar a ponderación da materia, que pasa de 0,1 a 0,2 e ven abalada polo acordo da Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo de 1 de xullo de 2026.

Sometida a proposta á consideración do Consello de Goberno, apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, do nomeamento en substitución de dous membros da Comisión de permanencia e progreso polo sector de estudantado.

A vicerreitora competente en materia de estudantes e vida académica, María Dolores González Álvarez, informa sobre a proposta de nomeamento, en substitución, de dous membros da Comisión de Permanencia e Progreso correspondentes ao sector de estudantado.

Os nomes das persoas propostas son:

Francisco Pérez Peleteiro (Escola Enxeñaría Industrial)

Alejandra Núñez Iglesias (Facultade de Relacións Internacionais)

Sometida a proposta á consideración do Consello de Goberno, apróbase por asentimento.

6. Elección dos representantes no Consello Social: 1 PDI, 1 estudante e 1 PTXAS.

A reitora da a palabra a secretaria xeral, Emma Rodríguez Rodríguez, que informa que se recibiron as seguintes candidaturas:

- Para a praza do sector PDI: Xosé H. Vázquez Vicente
- Para a praza do sector estudantes: Juan Santos Grandal
- Para a praza do sector de PTXAS:
    - María del Carmen Álvarez Veleiro
    - Ana Isabel González Penín

Soamente é necesario celebrar eleccións no sector PTXAS.

Ábrese a urna e acoden a votar as persoas do censo do sector (3 persoas). Recibidos os votos, a secretaria xeral procede ao escritiño:

- María del Carmen Álvarez Veleiro: 1 voto
- Ana Isabel González Penín: 2 votos

A reitora pasa a ler os novos membros do Consello Social:

- Representante do sector PDI: Xosé H. Vázquez Vicente
- Representante do sector de estudantes: Juan Santos Grandal
- Representante do sector PTXAS: Ana Isabel González Penín

7. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno:

a. Organización Académica e Profesorado: 1 estudante

A reitora da a palabra a secretaria xeral que informa de que se presentou unha soa candidatura para unha soa praza: Andrea Moreno Rodríguez. A reitora propón o seu nomeamento.

b. Investigación e Transferencia: 1 estudante.

A reitora da a palabra a secretaria xeral que informa de que non se presentou ningunha candidatura.

c. Extensión Universitaria e Estudantes: 1 estudantes e 1 PTXAS.

A reitora da a palabra a secretaria xeral que informa de que non se presentou ningunha candidatura no sector estudantes e unha candidatura para un posto no sector PTXAS: Rafael Ameneiro Bravo. A reitora propón o seu nomeamento.

A reitora informa que as prazas vacantes serán traídas de novo á reunión do Consello de Goberno seguinte, ata que se cubran.

8. Designación, se procede, a proposta da reitora, dos membros da Comisión de Calidade.

Representación do estudantado:
- Alejandro Alonso Lago
- Antonio López López
- Iker Agulla Sánchez

Representación do PTXAS:
-Mar Fernández Cendón

Representación do PDI:
-María José Moure
-Rocío Rodríguez Daponte

Representación da administración dos centros:
-Ana María Cacheiro Seguí

Representación dos centros de apoio á investigación:
-Sandra Bolaño Garcia

Representación dos centros de investigación:
- Pablo Cabanelas
-Miguel Ángel Correa Duarte

9. Eleccións para cubrir unha vacante na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado non permanente: 1 estudante.

A reitora da a palabra a secretaria xeral que informa de que non se presentou ningunha candidatura.

10. Quenda de intervencións.

Intervención de María del Carmen Álvarez Veleiro. Intervén María del Carmen Álvarez Veleiro, en representación do PTXAS, para formular diversas cuestións relacionadas coa realización de enquisas ao persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, coa situación do peche das instalacións da Universidade e coa elaboración da Relación de Postos de Traballo (RPT) do PTXAS. En relación coas enquisas, sinala o interese de coñecer as necesidades e o clima laboral deste colectivo, especialmente tendo en conta a elaboración do futuro Plan Estratéxico da Universidade. Respecto do peche das instalacións, lembra que se trata dunha cuestión que habitualmente se aborda cara ao mes de decembro. En relación coa RPT do PTXAS, salienta a necesidade de analizar previamente a situación existente para poder planificar adecuadamente as necesidades futuras, incluíndo as xubilacións, a promoción interna e o relevo xeracional. A reitora agradece as intervencións e sinala que se trata de cuestións de especial relevancia. En relación coas enquisas ao PTXAS, considera especialmente importante dispoñer de información sobre o clima laboral. Respecto do peche das instalacións, indica que será necesario analizar a cuestión e adoptar unha decisión ao respecto. En canto á RPT, explica que actualmente se está a facer fronte a diversas situacións herdadas e que resulta necesario dispoñer dunha análise global da situación para poder realizar unha planificación adecuada. O vicerreitor competente en Docencia e Transformación

Educativa, Xabier Martínez Rolán, informa sobre as actuacións que se están a desenvolver neste ámbito.

Intervención de Marta Pazos. Marta Pazos formula diversas cuestións relativas ao pagamento dos atrasos derivados da sentenza, á elaboración dos Estatutos da Universidade e ao funcionamento do Comité de Acción Social. En particular, traslada unha pregunta formulada previamente por este comité sobre o procedemento de cálculo do fondo de acción social, os sectores incluídos nese cómputo e os criterios empregados para determinar o 1,5 % destinado a esta finalidade. En relación co pagamento dos atrasos, a reitora remítese á explicación realizada no seu informe, sinalando que o pagamento se articulará conforme ao indicado anteriormente e que a situación deberá quedar regularizada de cara ao exercicio 2027. Insiste, así mesmo, en que os contratos deberán formalizarse no futuro desde o inicio de acordo co marco normativo aplicable e en que os atrasos correspondentes a períodos anteriores non deben recaer exclusivamente sobre os proxectos de investigación. En relación cos Estatutos da Universidade, a reitora informa sobre o cronograma que se elaborou tendo en conta os prazos legais e sinala as previsións existentes para a continuación da súa tramitación. Finalmente, respecto da cuestión formulada sobre o cálculo do fondo de acción social, indícase que a resposta será facilitada por escrito.

Intervención de Uxío Pérez, da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. Uxío Pérez formula unha petición relativa á organización dos exames de fin de carreira e solicita que estas probas se celebren nos primeiros días do mes de setembro. Tómase nota da petición formulada e sinálase a necesidade de revisar a organización e a planificación destas probas.

Intervención de María Concepción Paz. María Concepción Paz pon de manifesto o elevado número de estudantes matriculados e solicita que se habiliten grupos adicionais de prácticas naquelas materias ou actividades docentes nas que existan grupos con máis de 35 estudantes matriculados. A vicerreitora competente, Esther Pillado, en materia de oferta académica sinala que se revisará a petición formulada e que se dará resposta unha vez analizada a situación.

E, non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:49 h. do día 28 de setembro de 2026, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitora.

A reitora

A secretaria xeral